



## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA NOVE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

**Expediente: 2023/G010/00003**

Valdoviño, 09 de febreiro de 2023.

Hora: 09:15

Lugar: Salón de Sesiões da Casa do Concello

Primeira convocatoria

Celebración sesión extraordinaria para a que se reúnen baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os/as concelleiros/as:

PsdeG- PSOE:

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Benito Manuel Vega Fernández

Germán Gómez Senra

M<sup>o</sup> Pilar Caamaño Vilela

PP:

Javier Bouzamayor Casas do PP

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce

Non asisten por causas xustificadas:

Jessica Sabín Fernández do PSdeG - PSOE

Alejandro Antonio García Sousa do PSdeG-PSOE

Dona Ana Belén Pérez Fernández do PSdeG - PSOE

Dona Kristel Testa Ameneiros, do PP

Don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do BNG

Asistidos da secretaria municipal Carlota González Navarro.

Abre a sesión o Presidente vista a existencia de quorum, para entrar no debate e votación do seguinte punto da Orde do Día:

### **I) PARTE DISPOSITIVA**

#### **1.- PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+2023”.-**

#### **PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN:**

“Aprobadas polo Pleno da Corporación as bases reguladoras do Plan Único de Concellos) Ano 2023 publicadas en BOP de data 25.11.22, pola Deputación Provincial da Coruña

Resultando que a asignación do organismo provincial para o Concello de Valdoviño supón un total de **358.694,58 euros**.

Esta Alcaldía, PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS + 2023”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2023,” achega provincial 2022” e “préstamo provincial 2023”:

**A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:**

	<b>Deputación</b>
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	154.452,04 €
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	-----
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>154.452,04 €</b>

**B) Financiamento de investimentos:**

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2023</b>	<b>FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO</b>				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2023</b>					

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)</b>	<b>FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO</b>				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Reparación e mellora do firme da Avenida de Ferrol e na	114.568,90	-----	---	-----	<b>114.568,90</b>

Costeira.					
Reparación puntual nos viais municipais en Taraza e Boeiro.	89.673,64	-----	---	----	<b>89.673,64</b>
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2022</b>	<b>204.242,54</b>	<b>-----</b>	<b>---</b>	<b>-----</b>	<b>204.242,54</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

**A) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>	

**B)Resumo:**

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable )	Total concello	
<b>A- GASTOS CORRENTES</b>	Achega 2023	154.452,04			154.452,04
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)				
<b>B- INVERSIONES</b>	Achega 2023				204.242,54 €
	Achega 2022		---	---	
<b>C- REDUCCIÓN DÉBEDA</b>	Préstamo 2023				
<b>D. TOTAL</b>	Achega 2023		---	---	
	Achega 2022			---	
	Préstamo 2023				
	<b>TOTAL</b>			---	<b>358.694,58 €</b>

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total das achega e préstamo provincial asignado)	(A) Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(B) IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(C= A-B) Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento)
<b>TOTAIS</b>			

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Non obstante, o Pleno da Corporación., resolverá o que estime máis convinte.

*/Documento asinado á marxe do documento polo sr. Alcalde/*

Sometese a votación a proposta para o Plan POS+2023.

**O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (8 votos dos asistentes) dos 13 que configuran a Corporación, aprobou a anterior proposta de Alcaldía.**

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde- Presidente, da por rematada e levanta a sesión sendo ás nove horas e trinta minutos deste día, do que como Secretaria, estendo a presente Acta e CERTIFICO.

*/Documento datado e asinado electrónicamente pola secretaria municipal e polo sr. Alcalde na marxe esquerda/*